

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 20 ao 24 de Abril

MATERIA: Bioloxía-Xeoloxía

CURSO: 3º ESO

PROFESOR/A: Natalia López

CONTACTO: natalialopezrodriguez@edu.xunta.es

MÉTODO DE CORRECCIÓN: Mandó solucións ao rematar o período de entrega

ACTIVIDADES

Ola de novo!!

De momento imos ir repasando pouco a pouco os distintos contido dados durante as dúas primeiras avaliacións.

Para esta semana mándovos un cuestionario relacionado co tema 6 do voso libro (Receptores e efectores. Estímulos e respostas).

Aclaracións:

- O podedes facer directamente no ordenador.
- O tedes que enviar ao meu correo (como documentos de texto ou pdf, preferentemente, e como un único documento).
- A semana próxima subirei as correccións, para que fagades vos unha autocorrección.
- O traballo que algúns tedes pendente de enviar o podedes seguir mandando.

Unha aperta enorme e moita saúde!!!

Cuestionario Tema 6. Receptores e efectores. Estímulos e respostas

1. Cita exemplos, coa súa localización, de estruturas do corpo humano que realicen as seguintes funcións receptoras.

- a) Termorreceptores:
- b) Quimiorreceptores:
- c) Mecanorreceptores:
- d) Fotorreceptores:


2. Responde as seguintes preguntas sobre os receptores visuais.

- a) Cal é a súa función?
- b) Onde se localizan?
- c) Que tipos existen?
- d) Que coidados e prevencións debemos ter en conta con eles?

3. O sabor dun alimento é só unha sensación gustativa?

4. Explica o mecanismo da audición apoiándote nun debuxo. Que alteracións ou enfermidades coñeces relacionadas co sentido do oído?

5. Pon nome no seguinte debuxo aos ósos sinalados.



6. Os deportistas que practican halterofilia teñen moi desenvolvidos dous músculos do brazo. Cales cres que son?

7. Menciona os tipos de articulacións que existen e cita un exemplo de cada unha delas.

8. Sinala polo menos tres malas posturas ou hábitos posturais comúns que todos realizamos e que poden producir problemas de saúde.